

XANEIRO 09 TEMPOS NOVOS

140

REVISTA MENSUAL
DE INFORMACIÓN
PARA O DEBATE
4 €

2009: Ábrese a Caixa de Pandora

Justo Beramendi, Fermín Bouza, Xoán L. Facal, J. F. Pérez Oya

Monográfico O Foro Social Galego

Entrevistas
María Xosé Agra, María Candedo, Paulo Ribeiro

AS CRISES HUMANITARIAS QUE NINGUÉN RESCATA



MARÍA XOSÉ AGRA

Catedrática de Filosofía Moral e Política

T
entrevista

Difícilmente remataremos coa pobreza se a riqueza está cada vez máis concentrada

Belén Puñal **Texto** Juan Floriani **Fotos**

Podemos ignoralas, pero non negar a súa existencia. Porque non hai nada máis conservador que a resignación, cómpre recordar que hai alternativas, teorías e iniciativas concretas para a construción dun mundo mellor. De feito, lémbra-nos María Xosé Agra nesta entrevista, nunca a filosofía política contou con mellores teorías da xustiza global. Dende a proposta de impostos redistributivos no eido internacional até a xeneralización da renda básica. Se aqueloutro crac, o do 29, servira de reactivo para xerar propostas de distribución da riqueza no eido dos estados, quizais sexa chegada a hora, nesta primeira crise económica do capitalismo global, de deseñar e aplicar un mellor partillar da riqueza entre a cidadanía mundial.

Segundo Intermon Oxfan, para cumprir cos Obxectivos do Milenio abonaría con destinar 150.000 millóns de dólares ao ano de aquí ao 2010, a metade do que o goberno Bush

aprobou no plan de rescate para evitar a quebra das empresas hipotecarias Fanni Mae e Freddie Mac. Como observas ti, que contas coas lentes que che proporciona a filosofía política e moral, esta realidade?

A filosofía política dá claves pero tamén o sentido común. Se realmente se quere abordar a pobreza, o primeiro que hai que ter en conta é que non é só, como recalcan os Obxectivos do Milenio, un problema multidimensional. A filosofía política axúdanos a entender que hai unhas desigualdades estruturais que non se queren abordar. Nos últimos anos, é manifesto que o único que lle importa ao neoliberalismo é gañar, de maneira inmediata e ao custo que sexa. Erradicar a pobreza de modo non retórico, non dende a perspectiva da caridade senón da xustiza, ten que levar a reformas estruturais.

Por que se está continuamente prometendo aquilo que non se vai facer?

Precisamente porque non se quere abordar a desigualdade, e entón aparece a pobreza como un problema

multifactorial, que en moitos casos só se liga a gobernos corruptos, falta de gobernabilidade ou á existencia de conflitos bélicos, sen ter en conta as relacións de interdependencia entre o norte e o sur.

Falas da necesidade de abordar reformas, pero que tipo de reformas?

Temos que ser conscientes desa interdependencia e de que non podemos manter no primeiro mundo o ritmo de vida que mantemos. O capitalismo baseouse no consumo e na ganancia sen límites. Difícilmente remataremos coa pobreza se a riqueza está cada vez máis concentrada. E eu creo que aí hai que apelar á responsabilidade dos gobernos do primeiro mundo e tamén dos organismos internacionais, como a ONU, o Banco Mundial, ou o Fondo Monetario Internacional, porque con programas de axuste estrutural como os que afectaron a moitos países tampouco se conseguen os Obxectivos do Milenio.

Que opinas do papel que están a ter o Fondo Monetario Internacional e o Banco Mundial, e o concepto de

É manifesto que o único que lle interesa ao neoliberalismo é gañar, de maneira inmediata e ao custo que sexa. Debemos erradicar a pobreza non dende a caridade senón dende a xustiza, mediante reformas estruturais.



desenvolvemento que están a aplicar para os países empobrecidos?

O concepto de desenvolvemento do que falan estes organismos márcase un límite que é a supervivencia mesma, e a xustiza non busca supervivencia senón criterios redistributivos que removan as desigualdades de base. Estes organismos teñen pendente asumir unha discusión crítica sobre o desenvolvemento. Entendemos como desenvolvemento crecemento económico sen máis ou temos en conta outro tipo de indicadores? Queremos conseguir que os países hoxe empobrecidos cheguen a ser activos en todos os niveis e que os seus cidadáns e cidadás teñan autonomía como persoas ou limitámonos a que coman un prato ao día ou que teñan acceso a vacinas?

Es unha gran estudiosa da figura de John Rawls, figura clave na filosofía política do século pasado e un dos piares do concepto de xustiza redistributiva. Como se poden aplicar os piares da xustiza redistributiva a nivel global?

Rawls aí non é de moita axuda. Comeza a escribir nos anos 50 e publica a súa Teoría da xustiza en 1971, que provocou unha pequena revolución canto que introducía a necesidade de redistribuír. Porén, limitouse ao marco do Estado. Colleuno maior a problemática da xustiza global. Isto, porén, si o farán discípulos seus como Thomas Pogge, quen si fala dun imposto de redistribución global.

O DRG (Dividendo sobre Recursos Globais) que Pogge propón implicaría que os gobernos pagasen un imposto polo uso e venda de recursos naturais, non só naqueles que

Por primeira vez somos conscientes de que estamos todos no mesmo globo.

Barállanse propostas a medio prazo, como os impostos redistributivos, ate propostas de máis calado, tal é o caso da renda básica.

son limitados senón naqueles que son danados pola acción humana. Como entendes esta proposta? En que medida a consideras factíbel?

Pogge di que o uso dos recursos naturais ha ser compensado cun tipo de redistribución que os gobernos estivesen dispostos a aceptar. De feito, agora acaba de ir á ONU a presentar unha fórmula para garantir o acceso a medicamentos esenciais que pode ser unha forma posíbel de redistribución. Propostas como estas son factíbeis e contribúen a que os gobernos non esquiven a súa responsabilidade ou a agochen baixo a retórica, como acontece cos Obxectivos do Milenio.

Fe de vida

María Xosé Agra forma parte dese núcleo duro, e polo tanto masculinizado, do pensamento que é a Filosofía Moral e Política e que, por certo, no Estado deu lugar a destacadas pensadoras –Celia Amorós, Amelia Valcárcel, Victoria Camps ou ela mesma– que ademais enchouparon a súa disciplina das teorías do feminismo. Catedrática na materia na Universidade de Santiago, a preocupación pola igualdade e a xustiza conduciu a Agra, aló polos 80, á figura do filósofo Rawls, en quen centrou súa tese doutoral. Probabelmente a mesma preocupación que a levou ao feminismo e máis tarde ao interese pola depredación dos recursos e o ecofeminismo.

Pogge propón, en concreto o artellamento dun Fondo de Impacto sobre a Saúde Global, financiado polos estados co fin de recompensar as empresas farmacéuticas en función do número de vidas que consigan salvar as súas innovacións. Deste xeito, considera Pogge, conseguiríase abaratar os medicamentos canto que os incentivos dependen do número de persoas que poidan beneficiarse dos mesmos. Como valoras esta proposta?

Penso que é unha mostra de como se poden dar solucións concretas a problemas complexos con criterios de xustiza asumíbeis, mesmo para as industrias farmacéuticas, e que apuntan máis ás necesidades que ao poder adquisitivo, e dicir, que non se centran tanto na cuestión monetaria senón na redistributiva, e que ten visos de ser factíbel na medida en que todos saen gañando.

Na túa opinión, como deberíamos abordar as desigualdades?

Até o de agora moviámonos nun modelo estatal, o que facía que afrontar a redistribución fose máis sinxelo a través de medidas como o acceso universal á saúde e á educación, ou as prestacións por desemprego, que foron das que botaron man os estados de benestar. O problema é que estamos nun contexto novo. Por primeira vez somos conscientes de que estamos todos e todas no mesmo globo, que non nos serven as categorías vellas e temos que pensar en categorías novas. Neste momento barállanse, dende a filosofía política, tanto propostas a medio prazo, como poden



ser impostos redistributivos que acepten os gobernos, como propostas de máis calado, tal é o caso da renda básica, que esixen un compromiso maior.

A renda básica a nivel global?

Se ti estás a favor da renda básica para todo ser humano haberá que ver como se fai. Se pensamos en termos de xustiza global non podemos estar pensando nun estado. O que está en discusión é: Podemos facer políticas a nivel global? Até que punto? Que tipo de radicalidade ou de reestruturación se pode facer e como se fai? A filosofía ten as mellores teorías da xustiza que tivo nunca e curiosamente o mundo ten os niveis máis altos de pobreza e de mortalidade. Por iso é preciso un compromiso social, de cara a esixirles aos gobernos que adopten medidas.

Que tería que cambiar para que este tipo de propostas puideran ter algún calado?

En África Subsahariana e Asia Meridional, os mesmos informes dos Obxectivos do Milenio amosan que hai unha barreira que non se supera. Segue habendo mortalidade infantil e materna, pobreza que non se erradica,... Os organismos internacionais non están a conseguir nada enviando un pouco máis de axudas e medicinas. Terá que haber unha nova organización do traballo e do comercio, porque unha Organización Mundial do Comercio que protexe os países ricos con medidas proteccionistas que non permiten competir (mesmo ao contrario do propio espírito do capitalismo, baseado na lei da oferta e da demanda), amosa que se está a utilizar un dobre rapadoira.

Nomes da economía e da filosofía política como Amartya Sen e Martha C. Nussbaum vencellan o desenvolvemento á posibilidade das persoas de dispor dunhas

determinadas capacidades (o poder ter unha vida longa, participar en política, desenvolver transaccións económicas...) e a pobreza á ausencia delas. Que opinas desta visión?

Concepcións como a de Amartya Sen son moi importantes porque, sen chegar a ser unha teoría da xustiza, introducen elementos redistributivos importantes. Se entendemos desenvolvemento só en termos de crecemento económico, teremos que ter en conta que hai países que teñen unha riqueza e un PIB impresionante que non se corresponde coa estrutura social e cos niveis de vida da súa poboación. Amartya Sen introduce indicadores de calidade para valorar os índices de desenvolvemento. Iso leva a introducir cuestións como os problemas ambientais, o uso dos recursos naturais e o reparto de riqueza. Outras veces da filosofía política como Martha C. Nussbaum, falan non tanto de principios de xustiza como de suficiencia,

O capitalismo pode frearse, e mesmo poderíamos pensar nunha sociedade de pequenos propietarios. Pero para iso habería que reducir o consumo e facer unha reestruturación do mundo do traballo.

de conseguir que todas as persoas do mundo acaden un limiar mínimo.

Cres entón que é posíbel a procura de solucións dentro do propio sistema capitalista?

Solución en principio hai unha, que é que se free o enriquecemento sen límite. Iso si o pode facer o capitalismo e o fixo nos estados de benestar. Até hai pouco todo o mundo pensaba que a alternativa ía ser a revolución, mais o escenario do socialismo, neste sentido, está tamén liquidado. O capitalismo pode frearse, e poderíamos mesmo pensar nunha sociedade de pequenos propietarios, pero para iso habería que partir de reducir o consumo e facer unha reestruturación do mundo do traballo. Iso podería ser unha alternativa pero non ten por que ser necesariamente esa. Hai movementos que están explorando vías que non significan quedarse ancorados no pasado, nin volver a formas "primitivas", senón buscar unha relación máis humana, tal é o caso por exemplo das propostas de soberanía alimentaria.

Dicía Rawls que se unha institución non vale hai que eliminala. Ti cres que hai institucións a nivel internacional, como o FMI, a OMC ou o BM, que habería que eliminar?

De entrada estou segura de que habería que reformalas, con criterios claros para facelo con criterios redistributivos, e non só procurando desenvolvemento económico senón tamén humano. E se esas reformas necesarias para que houbera un cambio estrutural levan á necesidade de facelas desaparecer, terían

que desaparecer. Pero eu creo que iso é máis fácil dicilo que facelo, porque tamén sabemos que en todas as cuestións de asuntos humanos os cambios poden xerar outros problemas maiores. Estou segura de que esa reforma levaría unha reestruturación, o que non creo que se poida dar é unha revolución, nos termos da vella revolución. Poño o exemplo do movemento feminista, que sen facer unha gran revolución nos termos tradicionais, vai movendo ficha e provocando cambios.

Como valoras a introdución do concepto de xénero nos Obxectivos do Milenio?

Cando comezou a falarse de desenvolvemento, dende a perspectiva do crecemento económico, de incremento da renda, as mulleres nin sequera se consideraban. O xénero conséguese poñer na axenda do desenvolvemento coa Conferencia de Dereitos Humanos de Viena, en 1993, na que se recoñece que os dereitos das mulleres son dereitos humanos, e na Conferencia Mundial de Pequín, en 1995. Nese sentido, a visibilización das mulleres e das desigualdades entre homes e mulleres no campo do desenvolvemento na actualidade é importante. Dende o eido do desenvolvemento, recoñécese que son fundamentais a mellora da situación das mulleres, a súa escolarización, acceso á sanidade, a

incorporación ao mundo do traballo e a igualdade de xénero.

Como calibrarías os aspectos positivos e negativos do modo en que o xénero se introduciu na axenda do desenvolvemento?

É positivo que o xénero estea na axenda do desenvolvemento pero se non se considera ás mulleres axentes activos en si mesmas, se só se as considera vítimas pasivas e non se lles dá iniciativa, de pouco serve. Todo iso está en marcha mais hai que facer unha abordaxe e un seguimento dende unha perspectiva fundamentalmente feminista. Os microcréditos, por exemplo, son medidas que poden ser positivas pero se non hai un seguimento está comprobado que en moitos casos son unha sobrecarga para as mulleres porque teñen que traballar o dobre para pagar o crédito, e unha vez que o teñen pagado e saneado, o marido, o pai, o irmán, son os que se aproveitan do seu esforzo. Ademais, cómpre ter en conta que o desenvolvemento é colectivo, non individual.

A que te refires?

Á hora de tomar medidas no eido do desenvolvemento, case todas ven a muller como individuo pero centrándose na eficiencia, máis que a entender que esa muller está nun contexto no que ten uns determinados problemas, que pode ter máis iniciativa se se configuran grupos de mulleres que se apoién unhas a outras, que se poidan crear unhas redes. Iso é o que están facendo basicamente as mulleres que están traballando en desenvolvemento en serio.